OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 10 de novembro, sobre a política da Xunta de Galicia en materia de atención primaria sanitaria, (doc. núm **16641**, [11/INT-000961]).

Moción

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1.- Normalizar a asistencia en Atención Primaria impulsando, cando menos, as seguintes actuacións:

- a) Atención presencial para o 100% das persoas que o precisen e soliciten, con todas as medidas hixiénicas e sanitarias que garantan un entorno seguro.
- b) Limitar as consultas telefónicas ou telemáticas a actividades complementarias.
- c) Reabrir con todos os servizos os consultorios existentes que foron pechados ao inicio da pandemia de Covid-19.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

d) Garantir a atención telefónica sen demoras, co aumento e mellora da rede, dotación do número de profesionais precisos para responder ao aumento exponencial da demanda.

2.- Aprobar e publicar as conclusións das comisións de traballo do Consello Técnico de Primaria.

3.- Poñer en funcionamento as axendas con procesos finalistas de cada profesional, que recoñezan o mapa de competencias de cada categoría.

4.- Incorporar á Carteira de Servizos de Atención Primaria categorías imprescindíbeis para prestar unha atención integral e descolapsar as listas de espera: persoal de psicoloxía e farmacia clínica, terapeutas ocupacionais, logopedas, traballadoras sociais, podólogos...

5.- Rematar coa política de precariedade e explotación na contratación e posta en marcha dun plan de retorno e captación de profesionais, ofertando contratos dignos e estábeis, para evitar que sigan marchando profesionais ben cara a privada ou o estranxeiro.

6.- Elaborar con urxencia o Plano de Ordenación de RRHH, para identificar as necesidades de persoal de cada colectivo e proceder a súa cobertura, en todas as categorías tanto nos centros de saúde como nos PACs.

7.- Retirar na Lei de Medidas Fiscais e Administrativas, que acompaña aos orzamentos da Xunta para 2022, no capítulo IX. Sanidade, o artigo 34:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Medidas extraordinarias en materia de planificación e ordenación de recursos humanos de atención primaria de Galicia.”

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 12/11/2021 12:47:57

Ana Pontón Mondelo na data 12/11/2021 12:48:05



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado **Juan Carlos Francisco Rivera**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na Sesión plenaria celebrada os días 9 e 10 de novembro do 2021, sobre a política do Goberno galego respecto dos índices de pobreza existentes en Galicia (11/INT-001241, doc.núm. 23517).

Moción

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Incrementar as transferencias a familias en risco de exclusión social mediante o establecemento dun plan extraordinario de loita contra a desigualdade económica ate un importe mínimo de 8.000.0000 €.
2. Elaborar un plan galego de loita contra a pobreza que dea conta dos novos perfís de persoas usuarias de Servizos Sociais e que se dote con medidas e partidas económicas transversais que implique todas as consellerías.
3. Modificar a Risga - Lei da Renda de Inserción Social - para compatibilizar a súa percepción co Ingreso Mínimo Vital.
4. Incrementar a tributación para as rendas máis altas, na procura dunha maior equidade e progresividade, como mecanismo axeitado para acadar a redistribución de rendas. Reorientar e fiscalizar todas as bonificacións introducidas nos tributos propios e nos tributos cedidos (IRPF, I. Patrimonio, I. Sucesións, ITP e AXD).
5. Fortalecer o sistema educativo galego como instrumento fundamental para garantir a igualdade de oportunidades, recuperando a contratación de 800 docentes adicionais eliminados no Proxecto de orzamentos previstos para o ano 2022.
6. Proxectar nos dous próximos orzamentos un incremento considerable das políticas I+D+i , ate acadar unha porcentaxe do 1,50% do PIB.
7. Impulsar dende o Instituto Galego de Consumo e da Competencia unha estratexia de galega de Alfabetización Dixital dirixido especialmente a



colectivos en risco de exclusión social (persoas de escasos recursos, persoas maiores de 65 anos).

8. Impulsar un plan de vivenda digna, adecuada e accesible. Establecer unha estratexia orzamentaria que permita multiplicar por tres o parque de público de vivenda para aluguer social en Galicia, ate acadar a media estatal (1 % das vivendas principais).

9. Impulsar programas de autoemprego por medio de actuacións de orientación, análise de viabilidade e dos novos incentivos. Incrementar os niveis de execución orzamentaria das políticas activas de emprego.

Pazo do Parlamento, 12 de novembro do 2021

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 12/11/2021 14:10:46

Gonzalo Caballero Míguez na data 12/11/2021 14:10:56



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada **Paloma Castro Rey**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na Sesión plenaria celebrada os días 9 e 10 de novembro do 2021, sobre a política da Xunta de Galicia en materia de tratamento e xestión de residuos sólidos urbanos (11/INT-001132, doc. núm. 20889).

Moción

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Colaborar no futuro do Complexo Medioambiental de tratamento de residuos sólidos urbanos de Lousame para garantir a súa continuidade tras o fin da concesión en 2023.
2. Utilizar a oportunidade que da o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia que se transferirá a Galicia para acadar melloras técnicas nesta planta.

Pazo do Parlamento, 12 de novembro do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 12/11/2021 16:32:34

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2021 16:33:24
Nº Rexistro: 24877
Data envío: 12/11/2021 16:33:24.388

Gonzalo Caballero Míguez na data 12/11/2021 16:32:42

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-Q5OVQXIGF-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia**.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione á maior brevidade sobre este asunto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A loita contra a violencia machista é un dos retos máis grandes para a sociedade galega e para a humanidade no seu conxunto. A forza do feminismo fai que o 25 de novembro, declarado Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas no ano 1999, sexa unha data de denuncia e reivindicación que convida a reflexionar e actuar para avanzar na súa prevención, sensibilización e erradicación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No que vai de ano 2021 Galiza xa tivo que saír á rúa condenar un feminicidio cometido na Coruña, á espera de que conclúan as investigacións respecto doutro asasinato dunha muller no Barco de Valdeorras. Así mesmo, segundo os datos do IGE, durante o 1º semestre de 2021 a Atención polo Punto de Coordinación das Ordes de Protección abordou o seguimento de 536 novos expedientes e foron comunicadas máis de 500 medidas de protección. Así mesmo, diversos colectivos denunciaron recentemente o incremento da violencia obstétrica por mor das dificultades de acceso aos servizos durante a pandemia así como a permanencia da vulneración de dereitos como o acceso a un aborto digno e gratuíto no sistema público de saúde.

A pandemia da covid-19 trouxo ao noso contexto actual unha importante crise sanitaria, social e económica que atravesa de forma moi intensa a realidade das mulleres, un dos sectores máis afectados da nosa sociedade. É evidente que neste contexto, aínda que invisibilizada, a violencia machista continuou connosco. Asociacións de mulleres, institucións e profesionais de diferentes ámbitos coinciden na grave afección das medidas de confinamento e de restrición de actividade e mobilidade social para a actuación sobre a violencia machista e o grave risco para milleiros de mulleres.

Entre outros exemplos, podemos sinalar como na súa Memoria anual do ano 2020, coñecida en outubro, a Fiscalía Superior de Galiza sinala que hai un nicho de criminalidade que a pandemia ocultou e que no ámbito da violencia machista “o nivel de convivencia que a situación xerou, sen ningunha dúbida, supuxo un aumento que as cifras derivadas que a fría estatística non reflicten e que aparecerá seguramente nun futuro non moi afastado ao atoparse actualmente soterrada, de forma que pronto, entendemos, xurdirá un goteo de procedementos cuxa orixe ou aparición se deriva da pandemia.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo tanto, aínda que a situación da pandemia estea nunha fase de control, é necesario que se atendan todas as súas repercusións, tamén no ámbito da violencia machista. É necesario, polo tanto, abordar a necesidade de fortalecer os medios existentes e de adquirir máis compromisos orzamentarios, lexislativos e políticos.

Nos últimos anos Galiza é exemplo de importantes avances institucionais, como o recoñecemento da violencia vicaria como violencia machista, e de importantes mobilizacións, como amosa a cada vez maior resposta aos feminicidios, en convocatorias e asistencia, ou as históricas manifestacións dos 8 de marzo. Estes feitos dan conta da fartura social e do gran rexeitamento á violencia machista da sociedade galega, como tamén reflicten os datos da enquisa sobre percepción da violencia de xénero por parte da sociedade galega, que sinala como o 80% da sociedade entende que este é un problema social que atinxe a todas as persoas e non se circunscribe ao ámbito privado.

Por todos estes motivos, é necesario que este 25 de novembro fuxa de ritualismos e declaracións de intencións e que colectivamente asumamos máis compromisos.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia:

“O Parlamento galego acorda instar a Xunta de Galiza a:

1. Incrementar os recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero do proxecto de orzamentos de 2022 de forma que se sitúen, como mínimo, no 1% do total e así dotar de suficientes recursos para que se rectifique a liña de incumprimento da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tratamento integral da violencia de xénero, como por exemplo no ámbito da atención psicolóxica garantida desde a atención primaria.

2. Reforzar e ampliar a rede de Centros de Información ás Mulleres para garantir a cobertura do conxunto do territorio especialmente aquelas comarcas que actualmente carecen deste servizo así como a dotación dos medios humanos e materiais necesarios para reforzar o cadro de persoal daqueles CIM que asumen unha maior carga de traballo. Para tal fin, a Xunta de Galiza elaborará e remitirá á Cámara galega e á FEGAMP antes de finalizar o presente ano un Plan específico debidamente orzado e coa correspondente planificación temporal para levalo a cabo.”

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2021

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

M^a Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

M^a Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López
Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantiños
Mercedes Queixas Zas
Paulo Ríos Santomé
Xosé Luis Rivas Cruz
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 10/11/2021 12:24:08

Xosé Luis Rivas Cruz na data 10/11/2021 12:24:17

Mercedes Queixas Zas na data 10/11/2021 12:24:24

Rosana Pérez Fernández na data 10/11/2021 12:24:32

Ramón Fernández Alfonzo na data 10/11/2021 12:24:47

Daniel Pérez López na data 10/11/2021 12:24:54

Iria Carreira Pazos na data 10/11/2021 12:25:03

Olalla Rodil Fernández na data 10/11/2021 12:25:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 10/11/2021 12:25:29

María del Carmen Aira Díaz na data 10/11/2021 12:25:36

Noa Presas Bergantiños na data 10/11/2021 12:25:44

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 10/11/2021 12:25:50

María González Albert na data 10/11/2021 12:25:57

Xosé Luis Bará Torres na data 10/11/2021 12:26:03

María Montserrat Prado Cores na data 10/11/2021 12:26:11

Alexandra Fernández Gómez na data 10/11/2021 12:26:18

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 10/11/2021 12:26:25

María do Carme González Iglesias na data 10/11/2021 12:26:32

Paulo Ríos Santomé na data 10/11/2021 12:26:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia**, sobre a utilización sesgada e a manipulación do informe do Consello Consultivo sobre o Porto de Marín.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de instar a Xunta a que deixe de utilizar de maneira parcial e sesgada o informe do Consello Consultivo e demandarlle que faga público o citado informe.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado xoves 22 de outubro a Xunta deu a coñecer unha versión parcial e sesgada do informe do Consello Consultivo sobre a posibilidade de adscrición ao porto de Marín dos terreos que actualmente ocupa ENCE no dominio público marítimo terrestre.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O citado informe foi realizado polo órgano superior de consulta da Xunta a pedimento do vicepresidente segundo e conselleiro de economía, empresa e innovación. Foi emitido no tempo récord de unha semana, cousa que non é habitual nos informes do Consello.

Poucos días despois da filtración parcial e partidista do contido do informe, fontes do Consello Consultivo desmentiron, en declaracións a Radio Pontevedra, a versión que estaba a difundir a Xunta. Segundo se desprende da información publicada por este medio: “O Consello Consultivo afirma que non analiza no informe solicitado pola Xunta a posíbel adscrición de ENCE ao porto de Marín, senón a posíbel calificación como zona portuaria dos terreos que actualmente ocupa a empresa pasteira”. “O Consello Consultivo non entra a valorar a adscrición de ENCE ao Porto” xa que “o futuro de ENCE depende unicamente do Supremo”. No caso de que o Supremo manteña o criterio da Audiencia Nacional e anule a prórroga, “ENCE tería que pechar as súas instalacións en Lourizán aínda que os terreos pasasen a depender do Porto de Marín, porque a sentenza ten que executarse”.

Quedou claro nesta secuencia de feitos que a Xunta levou a cabo unha manipulación burda e unha utilización sesgada do Consello Consultivo, un feito de extrema gravidade por canto compromete a independencia e neutralidade que debe caracterizar este órgano. Aínda despois desta clara e contundente aclaración por parte de fontes do Consello Consultivo, o goberno galego segue insistindo nunha vía manifestamente ilegal, coa única intención de confundir a opinión pública, enganar a traballadores e traballadoras e erosionar o goberno municipal de Pontevedra.

Semella que para a Xunta todo vale na súa defensa numantina dos intereses do consello de administración de ENCE. Que todo vale, mesmo a manipulación dos informes do consultivo, para crear a falsa expectativa da continuidade de empresa no





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

actual emprazamento. Mesmo pasando por riba das decisións dos tribunais de xustiza, no que constituiría unha evidente fraude de lei.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Cesar na utilización sesgada e manipulada do informe do Consello Consultivo sobre a posíbel adscrición ao porto de Marín dos terreos que actualmente ocupa a fábrica de ENCE.
2. Deixar de utilizar o Consello Consultivo con fins partidistas e para intentar burlar decisións dos órganos xudiciais.
3. Facer público o informe do Consello Consultivo sobre esta materia.”

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2021

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

M^a Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García
Ramón Fernández Alfonzo
Alexandra Fernández Gómez
María González Albert
M^a Carme González Iglesias
Rosana Pérez Fernández
Daniel Pérez López
Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantiños
Mercedes Queixas Zas
Paulo Ríos Santomé
Xosé Luis Rivas Cruz
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 15/11/2021 11:49:38

Xosé Luis Rivas Cruz na data 15/11/2021 11:49:49

Mercedes Queixas Zas na data 15/11/2021 11:49:56

Rosana Pérez Fernández na data 15/11/2021 11:50:04

Ramón Fernández Alfonzo na data 15/11/2021 11:50:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 15/11/2021 11:50:24

Iria Carreira Pazos na data 15/11/2021 11:50:36

Olalla Rodil Fernández na data 15/11/2021 11:50:52

Daniel Castro García na data 15/11/2021 11:51:00

María del Carmen Aira Díaz na data 15/11/2021 11:51:08

Noa Presas Bergantiños na data 15/11/2021 11:51:18

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 15/11/2021 11:51:26

María González Albert na data 15/11/2021 11:51:34

Xosé Luis Bará Torres na data 15/11/2021 11:51:41

María Montserrat Prado Cores na data 15/11/2021 11:51:49

Alexandra Fernández Gómez na data 15/11/2021 11:51:56

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 15/11/2021 11:52:04

María do Carme González Iglesias na data 15/11/2021 11:52:12

Paulo Ríos Santomé na data 15/11/2021 11:52:18



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados **Ovidio Rodeiro Tato, José Luis Ferro Iglesias, Teresa Egerique Mosquera, María Elena Suárez Sarmiento, María Felisa Rodríguez Carrera, Carlos Gómez Salgado e Moisés Rodríguez Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en pleno**.

Exposición de Motivos

O sistema educativo ten como principio básico propiciar a educación permanente dentro e fóra do sistema educativo, para mellorar as súas capacidades, habilidades, aptitudes, coñecementos e competencias da poboación.

Co obxectivo de promover a aprendizaxe ao longo da vida, as autoridades educativas ofrecen unha serie de ensinanzas e de formación dirixidas a mellorar a formación da sociedade.

O mundo actual no que vivimos está sometido a cambios constantes, un mundo dinámico que require dunha adaptación continua e constante ás novas ferramentas que faciliten o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

A necesidade de adaptarnos ao mundo actual fai que as persoas necesitan máis formación que posibilite a aprendizaxe ao longo da vida .

Unha formación que require incorporar máis coñecementos tecnolóxicos ao tempo que os contornos dixitais poden axudar a facilitar unha máis ampla e moderna ensinanza.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en pleno:



“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a desenvolver ferramentas que axuden e faciliten a formación das persoas ao longo da vida utilizando contornas dixitais”.

Santiago de Compostela, 4 de novembro 2021.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 04/11/2021 18:40:52

Ovidio Rodeiro Tato na data 04/11/2021 18:41:09

Teresa Egerique Mosquera na data 04/11/2021 18:41:21

María Elena Suárez Sarmiento na data 04/11/2021 18:41:34

Rodríguez Pérez, Moisés na data 04/11/2021 18:41:47

Gómez Salgado, Carlos na data 04/11/2021 18:41:54

María Felisa Rodríguez Carrera na data 04/11/2021 18:42:01

José Luis Ferro Iglesias na data 04/11/2021 18:42:37

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández** e **Carme González Iglesias** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonso** e **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre os investimentos da Xunta de Galiza no polo aeroespacial de Rozas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos o grande investimento da Xunta de Galiza na provincia de Lugo foi o polo aeroespacial de Rozas, no Concello de Castro de Rei.

Sen ir máis lonxe, nos Orzamentos para 2022 o Goberno galego prevé un investimento público de 40 millóns de euros que buscan, dixo a Xunta, “relanzar” este espazo empresarial no que entidades privadas desenvolven, fundamentalmente, proxectos tecnolóxicos vinculados á avións non tripulados.

Alén diso, a Xunta dirixiu unha manifestación de interese ao Goberno español para mobilizar 500 millóns de euros en fondos Next-Generation co obxectivo de “consolidar” ese polo aeroespacial de Rozas.

Porén, malia que a inxección de fondos públicos é inxente, o concello de Castro de Rei e, en xeral, a provincia de Lugo non acaban de ver o retorno económico que ten, máis alá dos cuantiosos beneficios que ten que reportar ás empresas instaladas en Rozas.

Cómpre lembrar que en 2015, cando o Goberno galego se lanzou a converter este aeródromo nun polo aeroespacial, xa se anunciaron outros 45 millóns de euros





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

públicos. Desde aquela até hoxe as partidas orzamentarias desde a Xunta continuaron a regar Rozas.

Descoñécense os postos de traballo xerados e se serve para atraer poboación nova que viva se non en Castro cando menos na contorna do aeródromo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a remitir á Cámara no prazo máximo dun mes, un informe detallado sobre o investimento público no polo aeroespacial de Rozas (Castro de Rei) no que se recollan, como mínimo, as seguintes cuestións:

1. Diñeiro público investido no polo aeroespacial de Rozas desde a súa creación até hoxe indicando as contías correspondentes a cada anualidade e a finalidade dos investimentos.

2. Nome das empresas que operasen en Rozas desde a súa creación até hoxe e os fondos que recibiron cada unha delas indicando en concepto de que foron beneficiarias deses cartos.

3. Número de postos de traballo creados desde 2015 até hoxe indicando os correspondentes a cada anualidade e a categoría profesional á que corresponden.

4. Retorno socioeconómico dos investimentos realizados pola Xunta de Galiza no polo aeroespacial de Rozas tanto en número de habitantes novos, se os houber, vinculados ao proxecto como beneficios que obteña o Goberno galego polos investimentos realizados.”





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2021

Asdo.: Carme González Iglesias

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 05/11/2021 09:18:40

Daniel Pérez López na data 05/11/2021 09:18:45

Ramón Fernández Alfonzo na data 05/11/2021 09:18:53

María do Carme González Iglesias na data 05/11/2021 09:19:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores, Mercedes Queixas Zas, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á necesidade de darlle continuidade ao proxecto de investigación CovidBens..

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vimos de coñecer que a finais do mes de novembro o proxecto CovidBens iniciado no mes de abril de 2020 rematará por falta de financiamento.

Este proxecto de investigación púxose en marcha entre a empresa de depuración de augas da Coruña EdarBens S.A, a UDC, Universidade da Coruña e o Inibic, Instituto de Investigación Biomédica. Un proxecto consistente en realizar a análise da carga viral presente nas augas residuais que recolle a depuradora de Bens, para vixiar a evolución da epidemia.

A información facilitada permite detectar con antelación a presenza de patóxenos, e polo tanto anticiparse, porque determina a carga viral aínda que as persoas sexan asintomáticas. Información valiosa para prever, acoutar e conter os gromos o antes posíbel.

Durante este máis de ano e medio foron quen de detectar, cunha antelación de como mínimo dúas semanas, o impacto do SARS-CoV-2 nas augas residuais procedentes de arredor de 400.000 fogares da área da Coruña.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O BNG considera que non podemos permitírnos o luxo de non darlle continuidade a todo o coñecemento adquirido, á investigación, aos modelos estatísticos para predicir o impacto, á detección de variantes.

Se algo nos ensinou a Covid 19 é que hai que seguir alerta, que non se pode baixar a garda e polo tanto é fundamental ter capacidade para detectar a presenza de virus, bacterias ou outros patóxenos para anticiparse a ameazas ou pandemias futuras.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a crear e financiar ,a partir do proxecto de investigación CovidBens, unha rede de vixilancia epidemiolóxica a nivel de toda Galiza para a detección e alerta anticipada de virus nas augas residuais.”

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Mercedes Queixas Zas

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 05/11/2021 11:41:51

Iria Carreira Pazos na data 05/11/2021 11:41:56

Mercedes Queixas Zas na data 05/11/2021 11:42:05

María Montserrat Prado Cores na data 05/11/2021 11:42:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputados e deputado **Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O comisario europeo de Pesca vén de facer pública a proposta de cotas para 2022 que, coma todos os anos, terá que validar ou modificar o Consello de ministros de Pesca do vindeiro mes de decembro.

Trátase das cotas xestionadas unicamente pola UE e quedarían aínda pendentes de negociación co Reino Unido e Noruega as cotas compartidas.

A proposta non parece concordar cos datos científicos existentes, cando menos nalgúns especies, e claramente non ten en consideración, máis unha vez, as variábeis económicas e sociais que se deberan incluír, segundo a propia PPC, á hora da recomendación de capturas.

Albíscanse pois novas e maiores dificultades para a frota galega que virían a reincidir nas decisións xa tomadas nos últimos anos e que veñen supoñendo un esforzo e un impacto económico insostíbel para o sector.

Os recortes propostos van dende o 18% para a pescada do Cantábrico e o incomprensíbel 16% para o xurel na zona 9. Tamén sofren importantísimos recortes o linguado (36% menos nas zonas 8a e 8b e 15% menos nas zonas 8c, d, e, 9, 10 e augas





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

européas), abadexo (10% menos nas zonas 8c, 9, 10 e augas comunitarias e un 20% menos nas zonas 8a, b, d, e), e de novo pesa a prohibición sobre a pesca da cigala en Galiza, a pesar da existencia de informes que constatan a melloría da poboación.

Aos datos propostos polo comisario de Pesca, hai que engadir a incerteza que neste momento existe respecto das previsións do ICES noutras especies como a robaliza, que suporían un recorte dun 20% no noroeste español, un 12% para o xurel oeste, de Fisterra ao norte incluíndo o Golfo de Bizcaia, un 19% en augas españolas e comunitarias para o lirio ou un 7% de gran parte da xarda da frota de litoral. E aínda, a maiores, habería que agardar polos datos que depare o acordo co Reino Unido e con Noruega.

As previsións insistirían nas reducións xa levadas a cabo no 2021, como as do 5% na pescada do Cantábrico e o 20% no linguado do Cantábrico e unicamente agárdanse incrementos de arredor dun 13% no rapante e no rape que viñan de descender un 11 e un 13% respectivamente no 2021.

De prosperaren os datos avanzados polo Comisario europeo de Pesca, os resultados do Consello de ministros de decembro preséntanse verdadeiramente preocupantes para a nosa frota, máis aínda dos que xa o foran os de 2021, cualificados pola propia conselleira do Mar como de “cativos”, e poderían abocar a gran parte dela a seguir a liña sobre a que recentemente alertaba o secretario xeral de CEPESCA e que non é outra que o incremento de peticións de despece de barcos que compromete seriamente o futuro do sector e, no caso galego, tamén da economía do país.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

- Trasladar ao Goberno español e á Comisión Europea o seu rexeitamento sobre a proposta do comisario europeo de Pesca relativa ás cotas para o 2022.
- Defender diante do Goberno español e da UE a aplicación real das variábeis económicas e sociais contempladas na Política Pesqueira Común para a fixación de capturas.
- Desbotar calquera redución de capturas para o ano 2022 que implique un impacto económico para a frota Pesqueira galega.
- Dar cumprimento ao acordo parlamentario do 10 de febreiro de 2021, relativo ao recoñecemento de Galiza como ‘zona altamente dependente da pesca’, á revisión do ‘principio de estabilidade relativa’ e ao recoñecemento da capacidade directa de negociación de Galiza en materia pesqueira.”

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 05/11/2021 12:00:46

Daniel Castro García na data 05/11/2021 12:00:50

María do Carme González Iglesias na data 05/11/2021 12:00:58

Rosana Pérez Fernández na data 05/11/2021 12:01:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Mercedes Queixas Zas** e **Rosana Pérez Fernández** e deputado **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a elaboración do censo de embarcacións tradicionais e barcos históricos de Galiza para dar cumprimento ás medidas de salvagarda do patrimonio cultural inmaterial reguladas no Decreto 52/2019.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 27 de maio de 2019 publícase no DOG o Decreto 52/2019, do 9 de maio, polo que se declaran ben de interese cultural as técnicas construtivas da carpintaría de ribeira.

O seu artigo 1 determina que este Decreto ten por finalidade declarar ben de interese cultural do patrimonio cultural inmaterial de Galicia as técnicas construtivas da carpintaría de ribeira, para recoñecer o seu valor cultural sobranceiro na conformación da identidade do pobo galego e colaborar á concreción de medidas para a súa salvagarda, segundo o descrito no anexo I deste Decreto.

Na actualidade, as embarcacións tradicionais son conservadas nos portos galegos, como patrimonio cultural colectivo de alto valor social e reflexo dunha das caras da cultura do país, grazas ao esforzo dos seus propietarios e ás técnicas dos carpinteiros de ribeira que, cada vez en menor medida ao non se garantir a continuidade da profesión, manteñen a súa actividade viva en Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deste xeito os portos galegos ofrecen mariñas tradicionais vivas que salvagardan o patrimonio ao tempo que aseguran o mantemento da transmisión do seu legado como un reforzo da identidade local co obxectivo de garantir a súa pervivencia e continuidade.

A cultura de protección, mantemento e difusión das embarcacións tradicionais, dos barcos históricos e a cultura marítima e fluvial, así como a súa incardinación no tempo presente como un valor sociocultural propio, está a ser desenvolvida desde hai máis de vinte anos pola Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial (Culturmar).

O Decreto 52/2019 establece, entre as medidas específicas de salvagarda da carpintería de ribeira, a elaboración dun Censo de embarcacións tradicionais e barcos históricos de Galiza.

Neste sentido, o Decreto regula que a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural xestionará un censo de embarcacións tradicionais e barcos históricos de Galicia, de rexistro voluntario, no cal as embarcacións serán anotadas, despois do informe do órgano de xestión ou os informes técnicos que correspondan, que avaliará a antigüidade, autoría ou correspondencia cos modelos tipolóxicos.

Este censo, entendido como unha sección do Censo do Patrimonio Cultural, é responsabilidade da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

As embarcacións que fagan parte deste censo de embarcacións tradicionais serán obxecto das exencións e bonificacións previstas na lexislación vixente en materia de navegación marítima e portos dependentes da comunidade autónoma.

Na actualidade, superados os dous anos e medio da publicación deste Decreto no DOG, o mencionado censo aínda non se realizou por parte da Dirección Xeral de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Patrimonio Cultural, o que está a prexudicar os propietarios das embarcacións tradicionais, así como á propia Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial, gravándoos economicamente Portos de Galicia e contravindo o disposto na normativa a respecto das exencións e bonificacións que corresponden a este tipo de embarcacións tradicionais unha vez censadas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a elaborar en 2022 o censo de embarcacións tradicionais e barcos históricos de Galiza, de conformidade co disposto no Decreto 52/2019, comprometéndose a rematalo a tempo para que as medidas fiscais para 2023 contemplen a bonificación das taxas portuarias para esas embarcacións.”

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Rosana Pérez Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 05/11/2021 12:19:45

Rosana Pérez Fernández na data 05/11/2021 12:19:49

Mercedes Queixas Zas na data 05/11/2021 12:20:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Daniel Castro García** e **Manuel Lourenzo Sobral** e deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza se persoe como parte interesada e recorra a decisión do *Instituto Geográfico Nacional* a respecto da oficialización do topónimo *Ría del Eo*.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pasado día 13 de abril facíase pública a nova de que o goberno do Estado comezaba a tramitar a solicitude do Principáu d'Asturies para que se oficializase o nome “Ría del Eo”, algo que vai contra a oficialidade do topónimo “Ría de Ribadeo” que é o nome historicamente empregado por habitantes galegos, asturianos e de calquera outra latitude e de igual xeito rexistrado en todo tipo de documentos históricos.

Ante esta nova, tanto o Concello de Ribadeo, como a Deputación Provincial de Lugo, como a propia Xunta de Galiza comezaron un traballo de alegacións na que se forneceron contundentes informes técnicos e académicos que dun xeito puramente científico argumentaban que o único topónimo oficial posible era e é o de “Ría de Ribadeo”.

Pese a isto, e desoíndo a opinión de institucións como a *Real Sociedad Geográfica*, nos últimos días o *Instituto Geográfico Nacional* facía pública unha resolución na que pasaba a aceptarse como topónimo oficial o de “Ría del Eo” ao mesmo nivel que “Ría de Ribadeo”, mostrando dun xeito evidente que non se





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

analizaron as alegacións feitas por diversas administracións galegas, xa que nas mesmas vertíase unha argumentación absolutamente irrefutable que non deixaba oco á oficialización dese novo topónimo.

Ante esta nova situación, o propio Concello de Ribadeo, a Deputación Provincial de Lugo ou a Plataforma Pola Defensa da Ría de Ribadeo decidiron persoarse como partes interesadas para recorrer esta decisión. Por esta razón, e ante o novo contexto no que nos atopamos, faise de vital importancia que a Xunta de Galiza non se limite a mandar informes e ditames elaborados por departamentos que a integran, senón que debe liderar este proceso, indo da man e colaborando co resto de administracións e plataformas para facer valer o criterio científico e para que decisións de moita relevancia como a que o IGN tomou, se leven a cabo en base a argumentos técnicos e académicos e non por intereses políticos e estratéxicos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a liderar o proceso de recurso da decisión do *Instituto Geográfico Nacional*, defendendo o topónimo “Ría de Ribadeo” e persoándose como parte interesada xunto ás demais administracións públicas e plataformas cidadás.”

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2021





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Daniel Castro García**

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 08/11/2021 09:22:34

Mercedes Queixas Zas na data 08/11/2021 09:22:39

Daniel Castro García na data 08/11/2021 09:22:49



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa das deputadas e deputados, **Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Rosalía López Sánchez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

En decembro do ano 2013, o Parlamento de Galicia aprobou, cos votos favorables do Grupo Popular e o voto en contra de toda a oposición, a Lei de garantías de prestacións sanitarias.

Pouco despois, a Xunta comezou a desenvolver os distintos aspectos regulados nesta lei a través dos correspondentes regulamentos:

- O Decreto 159/2014, do 11 de decembro, polo que se establece a organización e funcionamento do Rexistro galego de instrucións previas sobre coidados e tratamento da saúde.
- O Decreto 54/2015, do 12 de marzo, polo que se regulan o procedemento e os efectos da garantía do dereito á segunda opinión médica no Sistema público de saúde de Galicia.
- O Decreto 55/2015, do 26 de marzo, polo que se regula o exercicio do dereito á libre elección de persoal médico de familia, pediatra e persoal de enfermaría en atención primaria, e de centro ou complexo hospitalario por un problema de saúde novo, no Sistema público de saúde de Galicia.
- E, finalmente, o Decreto 105/2017, do 28 de setembro, polo que se regula o sistema de garantía de tempos máximos de acceso ás prestacións sanitarias públicas.

A pesares das profecías da oposición sobre a “derivación masiva á privada” ou a cualificación de “lei trampa que só pretende privatizar”, o Conselleiro de Sanidade ten trasladado neste Pleno a realidade: que un total de 151.175 cidadáns beneficiáronse, ata xuño deste ano, da entrada en vigor, en xaneiro de 2018, da lei de garantías de prestacións sanitarias nos tempos de espera do Servizo Galego de Saúde.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



E que todas elas foron atendidas no sistema público, sen necesidade de derivación algunha á sanidade privada.

Actualmente, o marco normativo prevé a garantía de acceso a unha proba diagnóstica ou a unha primeira consulta de especialista en menos de 45 días e a unha intervención cirúrxica en menos de 60 días cando falamos de persoas con patoloxías oncolóxicas malignas, insuficiencia aórtica, aneurismas cerebrais, neoplasias, carcinomas, hidrocefalia ou desprendemento de retina.

Pasados xa tres anos desde a entrada en vigor deste decreto e descartados eses efectos nocivos prognosticados pola oposición e nunca producidos, desde o Partido Popular de Galicia consideramos oportuno seguir avanzando na extensión deste sistema a máis patoloxías.

Por iso, no programa electoral co que obtivemos a confianza maioritaria do electorado galego en xullo de 2020, incluimos como compromiso o seguinte “Continuaremos a dar prioridade aos tempos de agarda nos hospitais incrementando o número de patoloxías incluídas no decreto de garantías de tempos máximos”.

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores, Mercedes Queixas Zas, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, relativa á necesidade de darlle continuidade ao proxecto de investigación CovidBens..

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vimos de coñecer que a finais do mes de novembro o proxecto CovidBens iniciado no mes de abril de 2020 rematará por falta de financiamento.

Este proxecto de investigación púxose en marcha entre a empresa de depuración de augas da Coruña EdarBens S.A, a UDC, Universidade da Coruña e o Inibic, Instituto de Investigación Biomédica. Un proxecto consistente en realizar a análise da carga viral presente nas augas residuais que recolle a depuradora de Bens, para vixiar a evolución da epidemia.

A información facilitada permite detectar con antelación a presenza de patóxenos, e polo tanto anticiparse, porque determina a carga viral aínda que as persoas sexan asintomáticas. Información valiosa para prever, acoutar e conter os gromos o antes posíbel.

Durante este máis de ano e medio foron quen de detectar, cunha antelación de como mínimo dúas semanas, o impacto do SARS-CoV-2 nas augas residuais procedentes de arredor de 400.000 fogares da área da Coruña.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O BNG considera que non podemos permitírnos o luxo de non darlle continuidade a todo o coñecemento adquirido, á investigación, aos modelos estatísticos para predicir o impacto, á detección de variantes.

Se algo nos ensinou a Covid 19 é que hai que seguir alerta, que non se pode baixar a garda e polo tanto é fundamental ter capacidade para detectar a presenza de virus, bacterias ou outros patóxenos para anticiparse a ameazas ou pandemias futuras.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a crear e financiar ,a partir do proxecto de investigación CovidBens, unha rede de vixilancia epidemiolóxica a nivel de toda Galiza para a detección e alerta anticipada de virus nas augas residuais.”

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Mercedes Queixas Zas

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 05/11/2021 11:40:39

María Montserrat Prado Cores na data 05/11/2021 11:40:52

Iria Carreira Pazos na data 05/11/2021 11:41:01

Olalla Rodil Fernández na data 05/11/2021 11:41:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputados e deputado **Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O comisario europeo de Pesca vén de facer pública a proposta de cotas para 2022 que, coma todos os anos, terá que validar ou modificar o Consello de ministros de Pesca do vindeiro mes de decembro.

Trátase das cotas xestionadas unicamente pola UE e quedarían aínda pendentes de negociación co Reino Unido e Noruega as cotas compartidas.

A proposta non parece concordar cos datos científicos existentes, cando menos nalgúns especies, e claramente non ten en consideración, máis unha vez, as variábeis económicas e sociais que se deberan incluír, segundo a propia PPC, á hora da recomendación de capturas.

Albíscanse pois novas e maiores dificultades para a frota galega que virían a reincidir nas decisións xa tomadas nos últimos anos e que veñen supoñendo un esforzo e un impacto económico insostíbel para o sector.

Os recortes propostos van dende o 18% para a pescada do Cantábrico e o incomprensíbel 16% para o xurel na zona 9. Tamén sofren importantísimos recortes o linguado (36% menos nas zonas 8a e 8b e 15% menos nas zonas 8c, d, e, 9, 10 e augas





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

européas), abadexo (10% menos nas zonas 8c, 9, 10 e augas comunitarias e un 20% menos nas zonas 8a, b, d, e), e de novo pesa a prohibición sobre a pesca da cigala en Galiza, a pesar da existencia de informes que constatan a melloría da poboación.

Aos datos propostos polo comisario de Pesca, hai que engadir a incerteza que neste momento existe respecto das previsións do ICES noutras especies como a robaliza, que suporían un recorte dun 20% no noroeste español, un 12% para o xurel oeste, de Fisterra ao norte incluíndo o Golfo de Bizcaia, un 19% en augas españolas e comunitarias para o lirio ou un 7% de gran parte da xarda da frota de litoral. E aínda, a maiores, habería que agardar polos datos que depare o acordo co Reino Unido e con Noruega.

As previsións insistirían nas reducións xa levadas a cabo no 2021, como as do 5% na pescada do Cantábrico e o 20% no linguado do Cantábrico e unicamente agárdanse incrementos de arredor dun 13% no rapante e no rape que viñan de descender un 11 e un 13% respectivamente no 2021.

De prosperaren os datos avanzados polo Comisario europeo de Pesca, os resultados do Consello de ministros de decembro preséntanse verdadeiramente preocupantes para a nosa frota, máis aínda dos que xa o foran os de 2021, cualificados pola propia conselleira do Mar como de “cativos”, e poderían abocar a gran parte dela a seguir a liña sobre a que recentemente alertaba o secretario xeral de CEPESCA e que non é outra que o incremento de peticións de despece de barcos que compromete seriamente o futuro do sector e, no caso galego, tamén da economía do país.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 8ª:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

- Trasladar ao Goberno español e á Comisión Europea o seu rexeitamento sobre a proposta do comisario europeo de Pesca relativa ás cotas para o 2022.
- Defender diante do Goberno español e da UE a aplicación real das variábeis económicas e sociais contempladas na Política Pesqueira Común para a fixación de capturas.
- Desbotar calquera redución de capturas para o ano 2022 que implique un impacto económico para a frota Pesqueira galega.
- Dar cumprimento ao acordo parlamentario do 10 de febreiro de 2021, relativo ao recoñecemento de Galiza como ‘zona altamente dependente da pesca’, á revisión do ‘principio de estabilidade relativa’ e ao recoñecemento da capacidade directa de negociación de Galiza en materia pesqueira.”

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 05/11/2021 11:59:41

María do Carme González Iglesias na data 05/11/2021 11:59:50

Daniel Castro García na data 05/11/2021 11:59:58

Ana Pontón Mondelo na data 05/11/2021 12:00:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Mercedes Queixas Zas** e **Rosana Pérez Fernández** e deputado **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre a elaboración do censo de embarcacións tradicionais e barcos históricos de Galiza para dar cumprimento ás medidas de salvagarda do patrimonio cultural inmaterial reguladas no Decreto 52/2019.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 27 de maio de 2019 publícase no DOG o Decreto 52/2019, do 9 de maio, polo que se declaran ben de interese cultural as técnicas construtivas da carpintaría de ribeira.

O seu artigo 1 determina que este Decreto ten por finalidade declarar ben de interese cultural do patrimonio cultural inmaterial de Galicia as técnicas construtivas da carpintaría de ribeira, para recoñecer o seu valor cultural sobranceiro na conformación da identidade do pobo galego e colaborar á concreción de medidas para a súa salvagarda, segundo o descrito no anexo I deste Decreto.

Na actualidade, as embarcacións tradicionais son conservadas nos portos galegos, como patrimonio cultural colectivo de alto valor social e reflexo dunha das caras da cultura do país, grazas ao esforzo dos seus propietarios e ás técnicas dos carpinteiros de ribeira que, cada vez en menor medida ao non se garantir a continuidade da profesión, manteñen a súa actividade viva en Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deste xeito os portos galegos ofrecen mariñas tradicionais vivas que salvagardan o patrimonio ao tempo que aseguran o mantemento da transmisión do seu legado como un reforzo da identidade local co obxectivo de garantir a súa pervivencia e continuidade.

A cultura de protección, mantemento e difusión das embarcacións tradicionais, dos barcos históricos e a cultura marítima e fluvial, así como a súa incardinación no tempo presente como un valor sociocultural propio, está a ser desenvolvida desde hai máis de vinte anos pola Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial (Culturmar).

O Decreto 52/2019 establece, entre as medidas específicas de salvagarda da carpintería de ribeira, a elaboración dun Censo de embarcacións tradicionais e barcos históricos de Galiza.

Neste sentido, o Decreto regula que a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural xestionará un censo de embarcacións tradicionais e barcos históricos de Galicia, de rexistro voluntario, no cal as embarcacións serán anotadas, despois do informe do órgano de xestión ou os informes técnicos que correspondan, que avaliará a antigüidade, autoría ou correspondencia cos modelos tipolóxicos.

Este censo, entendido como unha sección do Censo do Patrimonio Cultural, é responsabilidade da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

As embarcacións que fagan parte deste censo de embarcacións tradicionais serán obxecto das exencións e bonificacións previstas na lexislación vixente en materia de navegación marítima e portos dependentes da comunidade autónoma.

Na actualidade, superados os dous anos e medio da publicación deste Decreto no DOG, o mencionado censo aínda non se realizou por parte da Dirección Xeral de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Patrimonio Cultural, o que está a prexudicar os propietarios das embarcacións tradicionais, así como á propia Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial, gravándoos economicamente Portos de Galicia e contravindo o disposto na normativa a respecto das exencións e bonificacións que corresponden a este tipo de embarcacións tradicionais unha vez censadas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a elaborar en 2022 o censo de embarcacións tradicionais e barcos históricos de Galiza, de conformidade co disposto no Decreto 52/2019, comprometéndose a rematalo a tempo para que as medidas fiscais para 2023 contemplen a bonificación das taxas portuarias para esas embarcacións.”

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Rosana Pérez Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 05/11/2021 12:18:56

Mercedes Queixas Zas na data 05/11/2021 12:19:02

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 05/11/2021 12:19:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Daniel Castro García** e **Manuel Lourenzo Sobral** e deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza se persoe como parte interesada e recorra a decisión do *Instituto Geográfico Nacional* a respecto da oficialización do topónimo *Ría del Eo*.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pasado día 13 de abril facíase pública a nova de que o goberno do Estado comezaba a tramitar a solicitude do Principáu d'Asturies para que se oficializase o nome “Ría del Eo”, algo que vai contra a oficialidade do topónimo “Ría de Ribadeo” que é o nome historicamente empregado por habitantes galegos, asturianos e de calquera outra latitude e de igual xeito rexistrado en todo tipo de documentos históricos.

Ante esta nova, tanto o Concello de Ribadeo, como a Deputación Provincial de Lugo, como a propia Xunta de Galiza comezaron un traballo de alegacións na que se forneceron contundentes informes técnicos e académicos que dun xeito puramente científico argumentaban que o único topónimo oficial posible era e é o de “Ría de Ribadeo”.

Pese a isto, e desoíndo a opinión de institucións como a *Real Sociedad Geográfica*, nos últimos días o *Instituto Geográfico Nacional* facía pública unha resolución na que pasaba a aceptarse como topónimo oficial o de “Ría del Eo” ao mesmo nivel que “Ría de Ribadeo”, mostrando dun xeito evidente que non se





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

analizaron as alegacións feitas por diversas administracións galegas, xa que nas mesmas vertíase unha argumentación absolutamente irrefutable que non deixaba oco á oficialización dese novo topónimo.

Ante esta nova situación, o propio Concello de Ribadeo, a Deputación Provincial de Lugo ou a Plataforma Pola Defensa da Ría de Ribadeo decidiron persoarse como partes interesadas para recorrer esta decisión. Por esta razón, e ante o novo contexto no que nos atopamos, faise de vital importancia que a Xunta de Galiza non se limite a mandar informes e ditames elaborados por departamentos que a integran, senón que debe liderar este proceso, indo da man e colaborando co resto de administracións e plataformas para facer valer o criterio científico e para que decisións de moita relevancia como a que o IGN tomou, se leven a cabo en base a argumentos técnicos e académicos e non por intereses políticos e estratéxicos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a liderar o proceso de recurso da decisión do *Instituto Geográfico Nacional*, defendendo o topónimo “Ría de Ribadeo” e persoándose como parte interesada xunto ás demais administracións públicas e plataformas cidadás.”

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2021





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Daniel Castro García**

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 08/11/2021 09:21:34

Mercedes Queixas Zas na data 08/11/2021 09:21:48

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 08/11/2021 09:21:56



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa das deputadas e deputados, **Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Rosalía López Sánchez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

En decembro do ano 2013, o Parlamento de Galicia aprobou, cos votos favorables do Grupo Popular e o voto en contra de toda a oposición, a Lei de garantías de prestacións sanitarias.

Pouco despois, a Xunta comezou a desenvolver os distintos aspectos regulados nesta lei a través dos correspondentes regulamentos:

- O Decreto 159/2014, do 11 de decembro, polo que se establece a organización e funcionamento do Rexistro galego de instrucións previas sobre coidados e tratamento da saúde.
- O Decreto 54/2015, do 12 de marzo, polo que se regulan o procedemento e os efectos da garantía do dereito á segunda opinión médica no Sistema público de saúde de Galicia.
- O Decreto 55/2015, do 26 de marzo, polo que se regula o exercicio do dereito á libre elección de persoal médico de familia, pediatra e persoal de enfermaría en atención primaria, e de centro ou complexo hospitalario por un problema de saúde novo, no Sistema público de saúde de Galicia.
- E, finalmente, o Decreto 105/2017, do 28 de setembro, polo que se regula o sistema de garantía de tempos máximos de acceso ás prestacións sanitarias públicas.

A pesares das profecías da oposición sobre a “derivación masiva á privada” ou a cualificación de “lei trampa que só pretende privatizar”, o Conselleiro de Sanidade ten trasladado neste Pleno a realidade: que un total de 151.175 cidadáns beneficiáronse,



ata xuño deste ano, da entrada en vigor, en xaneiro de 2018, da lei de garantías de prestacións sanitarias nos tempos de espera do Servizo Galego de Saúde.

E que todas elas foron atendidas no sistema público, sen necesidade de derivación algunha á sanidade privada.

Actualmente, o marco normativo prevé a garantía de acceso a unha proba diagnóstica ou a unha primeira consulta de especialista en menos de 45 días e a unha intervención cirúrxica en menos de 60 días cando falamos de persoas con patoloxías oncolóxicas malignas, insuficiencia aórtica, aneurismas cerebrais, neoplasias, carcinomas, hidrocefalia ou desprendemento de retina.

Pasados xa tres anos desde a entrada en vigor deste decreto e descartados eses efectos nocivos prognosticados pola oposición e nunca producidos, desde o Partido Popular de Galicia consideramos oportuno seguir avanzando na extensión deste sistema a máis patoloxías.

Por iso, no programa electoral co que obtivemos a confianza maioritaria do electorado galego en xullo de 2020, incluímos como compromiso o seguinte “Continuaremos a dar prioridade aos tempos de agarda nos hospitais incrementando o número de patoloxías incluídas no decreto de garantías de tempos máximos”.

Consideramos que, despexadas as dúbidas da oposición sobre as consecuencias da aprobación da norma, este compromiso electoral dun partido pode converterse nun acordo común deste Parlamento sobre a mellora da asistencia sanitaria.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reformar en 2022 o Decreto 105/2017, do 28 de setembro, polo que se regula o sistema de garantía de tempos máximos de acceso ás prestacións sanitarias públicas, co obxecto de incrementar o número de patoloxías cubertas por este”.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 08/11/2021 12:54:17

María Encarnación Amigo Díaz na data 08/11/2021 12:54:34

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 08/11/2021 12:54:50

María Corina Porro Martínez na data 08/11/2021 12:55:01

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 08/11/2021 12:55:16

José Alberto Pazos Couñago na data 08/11/2021 12:55:32

Noelia Pérez López na data 08/11/2021 12:55:44

López Sánchez, Rosalía na data 08/11/2021 12:56:01

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa das deputadas e deputados, **Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Rosalía López Sánchez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 naceu en 1995 para poder achegar a atención de urgencias a todos os puntos da xeografía galega. Desde ese momento, os recursos cos que conta a Fundación foron ampliándose, ata contar na actualidade cunha Rede de transporte sanitario urxente que posibilita unha atención telefónica ou o desprazamento dos recursos prehospitalarios necesarios en cada emerxencia.

Os profesionais do 061 atenden as emerxencias na nosa Comunidade os 365 días do ano, as 24 horas do día, para iso, dispoñen con ambulancias asistenciais de soporte vital avanzado, ambulancias asistenciais de soporte vital básico e cós helicópteros medicalizados con base en Santiago de Compostela e Ourense.

Paralelamente contamos cunha rede de atención extraordinaria de atención primaria que permite atender urgencias in situ, ademais de todos os servizos de urgencias dos centros hospitalarios, que son os Puntos de Atención Continuada que se estenden por toda Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a ampliar os puntos de atención continuada que contan cunha superficie axeitada para facilitar o traslado de pacientes a centros hospitalarios a través dos dous helicópteros cós que conta o 061, solicitando a colaboración dos concellos que facilitarán a dispoñibilidade de terreos de ser preciso”

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 08/11/2021 12:58:58

María Encarnación Amigo Díaz na data 08/11/2021 12:59:13

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 08/11/2021 12:59:30

María Corina Porro Martínez na data 08/11/2021 12:59:41

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 08/11/2021 12:59:53

José Alberto Pazos Couñago na data 08/11/2021 13:00:07

Noelia Pérez López na data 08/11/2021 13:00:20

López Sánchez, Rosalía na data 08/11/2021 13:00:39

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García** e da deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre o recorte de profesorado no ensino público no curso 21/22.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os orzamentos presentados polo goberno galego para o curso 2021/22 contemplan unha redución no profesorado que pon nunha situación moi difícil o ensino público galego.

A pesar da propaganda do presidente da Xunta sobre o incremento no número de profesores, a realidade que reflicten estes orzamentos é que Galiza ten para o ano 2022 menos profesores dos que tiñamos hai unha década.

Contrasta esta situación de redución do profesorado no ensino público coa situación que se dá no ensino privado e concertado, que ano tras ano incrementan os seus cadros de persoal.

Mais se establecemos unha comparativa entre o número de profesores do ensino público deste ano, e os profesores contemplados no orzamento para o curso 20/21 atopámonos con 868 profesores menos. E todo isto, nun contexto no que, debido aos efectos da pandemia no alumnado, o reforzo de profesorado no ensino público e máis necesario ca nunca.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a incrementar os cadros de persoal do ensino público galego en mil profesores para minimizar os efectos da pandemia da Covid-19 no sistema educativo.”

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 09/11/2021 11:15:30

Daniel Castro García na data 09/11/2021 11:15:39

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 09/11/2021 11:16:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García** e da deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre a redución das partidas para a normalización da lingua galego non sistema educativo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende a chegada do Partido Popular ao goberno da Xunta de Galiza as partidas adicadas ao fomento da lingua galego sufriron recortes sistemáticos.

Estas reducións no investimento en normalización lingüística e as políticas do Partido Popular favorecedoras do proceso de substitución lingüística están a motivar unha perda de falantes como nunca se deu na historia do noso idioma. Perda de falantes que está a ser advertida por institución como a Real Academia Galega que sinalou nun recente informe que o ensino en Galiza contribúe a perda de falantes de galego.

Se ollamos o orzamento publicado para o ano 2022, as partidas de fomento da lingua galega reducíronse un 22,64%; sendo as destinadas ás campañas de normalización as que reducen en maior medida o investimento.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a acordar cos diferentes axentes da comunidade educativa un Plan de fomento do galego no ensino dotado de financiamento necesario.”

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 09/11/2021 11:25:32

Daniel Castro García na data 09/11/2021 11:25:38

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 09/11/2021 11:25:48



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados **Ovidio Rodeiro Tato, José Luis Ferro Iglesias, Teresa Egerique Mosquera, María Elena Suárez Sarmiento, Rosalía López Sánchez, María Felisa Rodríguez Carrera, Carlos Gómez Salgado e Moisés Rodríguez Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 4ª de Educación e Cultura**

Exposición de Motivos

Galicia é a comunidade autónoma do Estado con maior porcentaxe de alumnado con Necesidades Educativas Especiais integrado en centros ordinarios, tal e como se recolle nas últimas estatísticas do Ministerio de Educación.

Isto é posible grazas á colaboración da Administración educativa galega e o conxunto da comunidade educativa. É posible tamén grazas ao traballo que desenvolven os preto de 4.000 profesionais especializados na atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, un 22% máis que hai seis anos, e ao conxunto do profesorado, que entendeu a realidade da diversidade de todas as alumnas e os alumnos, prestándolles a atención que necesitan.

Así mesmo, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade está poñendo en marcha iniciativas para visibilizar o traballo dos centros no fomento da igualdade e o apoio á diversidade. Nesta liña enmárcase o Premio de Boas Prácticas Inclusivas, un galardón que foi creado co obxectivo de impulsar a atención á diversidade e a inclusión educativa, difundir as boas prácticas de inclusión que se realizan nos centros docentes así como recoñecer o labor que, neste sentido, está a desenvolverse actualmente nos centros educativos.

A Xunta de Galicia, dentro das súas competencias, está dando novos pasos de cara unha actualización da normativa do Decreto 229/2011 polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros educativos na comunidade autónoma, co obxectivo de dar unha resposta axustada á realidade de cada alumno, ás súas necesidades e aos seus talentos, camiñando cara unha escola pensada desde a perspectiva do alumnado e co apoio do conxunto da sociedade.

A aposta pola atención a diversidade no ensino galego vaise ver afectada por unha decisión do Goberno socialista no Estado, xa que o Ministerio de Educación ten



modificados os criterios das bolsas que permitía contar cunha axuda a unha boa parte do alumnado con necesidades educativas.

Resulta chamativo que o Ministerio de Educación xustificase a aprobación da LOMLOE para fomentar unha maior inclusión no sistema educativo e un reforzo da atención á diversidade. Por contra, o departamento educativo estatal modifica agora os criterios das bolsas para alumnos con necesidades educativas especiais, esixindo que o alumnado teñan que ter recoñecida a súa discapacidade ou diagnóstico de trastorno de aprendizaxe como grave para poder optar á axuda .

Así pois, o Goberno central fala moito como suposto defensor da inclusión no ensino, pero despois actúa de xeito contradictorio ao dificultar o acceso nas bolsas para o alumnado con necesidades educativas especiais. De forma sorpresiva, o Ministerio de Educación vén de endurecer os requisitos das axudas pedindo que os beneficiarios teñan un nivel elevado de discapacidade ou trastorno, de xeito que miles de alumnos quedan excluídos das bolsas para atender as necesidades educativas (como é o caso dos diagnosticados con déficit de atención e hiperactividade ou dislexia).

Por todo o exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en comisión:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta a que demande ao Ministerio de Educación que rectifique a súa esixencia para o acceso ás bolsas para alumnado con necesidades educativas especiais e con necesidades específicas de apoio educativo, de xeito que recupere e mellore os criterios para facilitar a súa concesión e propiciar que as familias e o alumnado poida ter un mellor acceso a unha atención educativa e social que contribúa á súa inclusión real”.

Santiago de Compostela, 9 de novembro 2021.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 09/11/2021 13:37:45

Ovidio Rodeiro Tato na data 09/11/2021 13:37:58

José Luis Ferro Iglesias na data 09/11/2021 13:38:13

Teresa Egerique Mosquera na data 09/11/2021 13:38:23

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



María Elena Suárez Sarmiento na data 09/11/2021 13:38:35

López Sánchez, Rosalía na data 09/11/2021 13:38:45

María Felisa Rodríguez Carrera na data 09/11/2021 13:39:14

Rodríguez Pérez, Moisés na data 09/11/2021 13:39:23

Gómez Salgado, Carlos na data 09/11/2021 13:39:30

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª.

Unha atención primaria fortalecida supón unha maior capacidade de funcionamento da rede de hospitais, que ven menos saturadas as súas propias dinámicas de funcionamento, dende a redución de entradas en urxencias ata a optimización de tempos e de diminución de listas de espera.

O fortalecemento da atención primaria fíxose, se cabe, máis necesaria na situación xerada pola pandemia da covid19. Non obstante, estamos a ver que o Goberno popular da Xunta de Galicia opta na provincia de Lugo polo peche de centros de saúde ou pola non cobertura de baixas dos profesionais sanitarios da atención primaria, así como pola redución do orzamento para a Atención Primaria nos Orzamentos da Xunta de Galicia para 2022 presentados nesta cámara.

A realidade é que dende o pasado mes de xuño o centro de saúde de Ribeira de Piquín non conta con médico todos os días da semana. Neste centro de saúde, a maioría dos días da semana está sen facultativo médico. Hai semanas nas que só existe consulta médica 1 día á semana, e outras só dous ou tres días á semana. Esta falla de atención médica diaria no centro de saúde de Ribeira de Piquín, comezou hai máis de 5 meses. Polo tanto, non se trata dunha situación puntual como alegan dende os Sergas senón que se converteu nunha situación estrutural, xa que a situación está a empeorar e a Xunta de Galicia non toma ningunha medida para revertela.

Este centro de saúde non só atende aos veciños e veciñas de Ribeira de Piquín, xa a veciñanza da parroquia fonsagrada de Carballido tamén dependen deste centro de saúde.

Estes veciños e veciñas no caso dunha urxencia médica teñen que acudir ao PAC de Meira. PAC compartido polos concellos de Meira, Pol, Pastoriza, Ribeira de Piquín e A Pontenova. PAC que ten un gran déficit de persoal xa que só conta cun ATS e un médico de garda, que cando teñen que saír a unha urxencia o servizo queda descuberto.



O concello de Ribeira de Piquín conta cunha veciñanza que ten unha media de idade avanzada e por iso están a reclamar que se recupera a atención médica diaria no seu centro de saúde, ante as situacións que se están a dar na actualidade: aglomeracións, atrasos, menos tempo dispoñible por consulta, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a repoñer, de xeito inmediato, o servizo de atención médica diaria no Centro de Saúde de Ribeira de Piquín (Lugo).

Pazo do Parlamento, 9 de novembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 09/11/2021 16:50:46

Julio Torrado Quintela na data 09/11/2021 16:51:03

Gonzalo Caballero Míguez na data 09/11/2021 16:51:14



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

A Mariña lucense conta con dúas das principais lonxas europeas: Burela e Celeiro, xuntas moven case o 26 % da facturación e o 23 % dos peixes e mariscos frescos de Galicia. As cifras falan por si soas: 423 millóns de quilos e 1.258 millóns de euros nos últimos 10 anos.

A pesar destas cifras nesta comarca non se poden formar patróns de litoral e outros mecánicos navais. Os traballadores da Mariña lucense teñen que se desprazar para facer esta formación a outras comarcas cos inconvenientes e dificultades que isto implica, xa que A Mariña de Lugo é a única gran área pesqueira do noroeste español sen ensinanzas náutico-pesqueiras.

Polo anteriormente exposto é necesario que estas ensinanzas se realicen na Mariña. Dende Celeiro o propio sector reclama que para o vindeiro curso en Viveiro se imparta o ciclo medio de FP que forme patróns de litoral e outros mecánicos navais. Persoal titulado que tanto precisan as frotas de Celeiro e de Burela, xa que faltan mandos para o seus barcos. Situación esta que se podería ver agravada aínda máis nos vindeiros anos polas inminentes xubilacións.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a implantar no vindeiro curso académico na Mariña lucense ciclos formativos da familia Náutico-Pesqueira que formen patróns de litoral e outros mecánicos navais.

Pazo do Parlamento, 9 de novembro de 2021

Asinado dixitalmente por:





Patricia Otero Rodríguez na data 09/11/2021 17:18:58

Julio Torrado Quintela na data 09/11/2021 17:19:15

Gonzalo Caballero Míguez na data 09/11/2021 17:19:36



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª.

Cada 25 de novembro, o Grupo Parlamentario Socialista súmase á conmemoración do Día Internacional contra a Violencia contra as mulleres. Compartimos a dor de tantas mulleres que sofren violencia, das súas fillas e fillos, nais, pais, familiares e amizades. A elas diriximos todo o noso apoio, coa convicción de que loitamos pola máis xusta das causas e o noso compromiso de non deixar de avanzar ata erradicar da nosa sociedade a violencia machista. Sabemos que o camiño será longo, pero iso só fai máis urxente que apuremos o paso e que sigamos avanzando.

En Galicia, cada día incóanse nos xulgados 17 novos procedementos penais por violencia contra a muller. Estes xulgados recibiron no segundo trimestre deste ano 1.649 denuncias por violencia machista, un 10,4 % máis que no mesmo período do ano pasado. Tamén con respecto a 2020 existiu un incremento do 9,6 % no número de mulleres que son recoñecidas como vítimas, sendo a 30 de xuño de 2021 un total de 1.636. O primeiro Informe sobre a Violencia contra a Muller 2015-2019 apunta ademais que cerca da metade das infraccións penais cometidas contra mulleres en Galicia responden a violencia psíquica, a máis invisible das violencias machistas.

Non podemos resignarnos a que se asuma como normalidade a traxedia dolorosamente cotiá da violencia machista porque non é un destino escrito en pedra senón o resultado, tal e como sinala Nacións Unidas, “dunhas relacións de poder desiguais entre mulleres e homes que persiste como unha crise silenciosa”.

Como cada 25 de novembro as e os socialistas alzamos a voz contra ese silencio. Sumamos a nosa palabra á de millóns de mulleres e homes que en todo o planeta din basta e reafirmamos ese compromiso tamén con feitos. Desde o Partido Socialista impulsamos o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, que subscribiron en 2017 os distintos grupos parlamentarios do Congreso, as comunidades autónomas e as entidades locais e que cumprirá a súa vixencia o próximo ano. Por iso, consideramos que é o momento de coñecer o seu impacto, de avaliar, renovar e actualizar o compromiso contra a violencia machista, volvendo sumar o maior consenso posible para que a violencia contra as mulleres siga a ser unha cuestión de Estado, que atinxe a todos os partidos políticos. É o momento de mellorar a coordinación das diferentes administracións na loita contra a violencia machista, así como dotar esta tarefa co financiamento axeitado a través das Comunidades Autónomas e concellos, pero tamén a través das organizacións feministas da sociedade civil.



En cumprimento co Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, o PSdeG considera que os diferentes tipos de violencia que sofren as mulleres requiren de leis específicas e integrais para adecuar a necesidade de intervención e de protección a cada tipo de violencia, e en Galicia temos dado pasos nestes últimos tempos recoñecendo, por exemplo, a violencia vicaria ou a dixital como formas de violencia de xénero.

Pero tamén consideramos que se debe avanzar cara a un novo marco legislativo orientado á abolición da prostitución. A trata con fins de explotación sexual non se pode desligar da prostitución, a forma máis terrible de violencia contra as mulleres. Son dúas caras dunha mesma realidade. No PSdeG desexamos unha sociedade onde as mulleres e as nenas non sexan prostituídas, nas que os corpos de mulleres e nenas non sexan obxectos de consumo. O noso modelo de sociedade é un nó que homes e mulleres son iguais e libres e esa idea é incompatible coa prostitución e a trata de seres humanos.

Non podemos esquecer que a prostitución non é un problema das mulleres, senón de calidade democrática. Garantir a liberdade, a seguridade e a vida das mulleres e protexer as vítimas non é unha opción, é unha obriga.

A violencia machista interpélanos e as distintas administracións debemos combatela con todos os medios ao noso alcance. No ámbito das nosas competencias, desenvolvemos un papel fundamental na prevención, así como na información, asesoramento, protección e acompañamento ás mulleres vítimas e seus fillos e fillas.

Por todo isto, o Parlamento de Galicia:

1º) Ratifica o seu compromiso firme cos dereitos das mulleres e contra calquera tipo de violencia machista e porá todos os seus medios para combater os discursos negacionistas que rexeiten as políticas públicas enfocadas á súa total erradicación.

2º) O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- a) Asegurar o cumprimento das medidas do Pacto de Estado que lle corresponden á Comunidade Autónoma galega así como elaborar un plan de seguimento desas medidas e da súa eficacia real.
- b) Impulsar, no marco das competencias autonómicas, que as políticas públicas en materia de servizos sociais, sanidade, seguridade e igualdade teñan tamén como obxectivo a abolición da prostitución.
- c) Elaborar un Plan Galego contra a Violencia de Xénero centrado fundamentalmente na prevención e que dote dos recursos económicos necesarios e axentes especializados os instrumentos de loita contra todas as formas de violencia contra as mulleres.
- d) Fomentar a creación dunha verdadeira rede de centros de información á muller que sexa a garantía dun servizo integral ás mulleres dos 313 concellos galegos, asegurando unha dotación económica suficiente para cubrir o seu funcionamento.



3º) O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que se dirixa ao Goberno de España para:

- a) Impulsar un marco normativo orientado á abolición da prostitución.
- b) Buscar o maior consenso político e social para renovar o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero en Cortes Xerais

Pazo do Parlamento, 9 de novembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 09/11/2021 17:48:56

Noelia Otero Lago na data 09/11/2021 17:49:25

Gonzalo Caballero Míguez na data 09/11/2021 17:50:00



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Julio Torrado Quintela, Noa Díaz Varela Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A facultade de Farmacia da USC, e particularmente os e as estudantes, investigadores/as, docentes e todo o corpo farmacéutico que depende da formación en Galicia veñen sufrindo dende hai anos o estado calamitoso da actual sede da facultade no Campus Universitario sur de Santiago de Compostela.

Esta facultade, referente para todo o noroeste de España, está nunha situación de mantemento inaceptable para o desenvolvemento das actividades necesarias. Amplas humidades, enchufes de hai 50 anos, equipos tecnolóxicos que non poden ser instalados polo estado dos locais, accesos impedidos por defectos perigosos na construción, problemas graves de accesibilidade...son algúns dos problemas dun inmovible que non está en condicións de albergar unha facultade e, menos aínda, espazos de investigación que son necesarios para manter un nivel de funcionamento do nivel dos profesionais e investigadores farmacéuticos da USC.

Dende 2015 alumnado e investigadores teñen sido dispersados noutros edificios e facultades da USC, como a facultade de Bioloxía ou de Química, ou como en Psicoloxía, pero tamén en espazos de Dereito, ou Ciencias Políticas e Relacións Laborais.

Na actualidade, as aulas para o alumnado de primeiro curso e os laboratorios volven a estar operativos pero sen ter recibido as melloras necesarias para o seu uso.

A necesidade dunha nova facultade de Farmacia vense demorando na realidade efectiva por parte da Xunta de Galicia. Estando a Universidade aberta a colaborar con recursos propios, e o Concello de Santiago coas necesidades urbanísticas precisas, falta o compromiso real en prazos e orzamentos da Xunta de Galicia que, pese ás boas palabras, non ten amosado ningunha concreción sobre o avance e futuro da nova facultade de Farmacia.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a concretar unha proxección de prazos e un compromiso orzamentario con partidas determinadas para a axilización da construción da necesaria nova facultade de Farmacia da USC, que poida estar operativa de maneira clara durante o ano 2023 a máis tardar.

Pazo do Parlamento, 9 de novembro do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Noa Díaz Varela

Marina Ortega Otero

Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 09/11/2021 17:51:29

Noa Susana Díaz Varela na data 09/11/2021 17:51:36

Marina Ortega Otero na data 09/11/2021 17:51:48

Gonzalo Caballero Míguez na data 09/11/2021 17:51:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e deputados **Daniel Castro García** e **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre as medidas da Xunta para reactivar as artes escénicas en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Transcorridos dezaseis meses do comezo da pandemia, en que os sectores culturais foron os primeiros afectados cunha inactividade total e de forma prolongada, aínda comprobamos recentemente como son os espazos culturais os últimos en veren ampliadas as normativas referidas á cabida.

A situación das empresas culturais galegas foi analizada polo Observatorio da Cultura Galega en sucesivos estudos ao longo do segundo semestre de 2020 e deste 2021.

Grazas aos diferentes barómetros puidemos ir seguindo a afectación da crise derivada da pandemia, nas sucesivas vagas, sobre un total de 300 empresas representativas do ecosistema cultural galego.

Da comparativa cos dous barómetros anteriores de xullo de 2020 e xaneiro de 2021, a entrega de xullo de 2021 conclúe que as empresas culturais proseguen o seu lento camiño da recuperación coa excepción das artes escénicas, onde segue a ter lugar a maior destrución de emprego.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pese ao carácter positivo global desta evolución, en comparación cos estudos precedentes, a segunda conclusión que se extrae dos datos é que a facturación das empresas nesta primeira metade de 2021 aínda se ve moi afectada pola pandemia, pois o 75,7% das empresas enquisadas segue a padecer unha facturación inferior á de 2019, das que o 27% relata perdas de máis do 50% con respecto a aquel ano.

As empresas das artes escénicas son as que en maior medida padeceron caídas na facturación superiores ao 50%.

Probablemente, verbo desta caída dos ingresos, o 53,4% das empresas adiou ou desbotou os investimentos que tiña previsto realizar por culpa da crise da COVID-1, unha cifra pouco inferior á do pasado xaneiro.

Os dous problemas máis citados seguen a ser o cesamento ou caída da actividade da clientela (74,7%) e as dificultades de tesourería (38%), manténdose inalterado o terceiro máis citado, as limitacións de capacidade dos locais (32,3%).

Nesta terceira edición do barómetro tamén se analizaron as repercusións dos programas de axudas públicas para as empresas da cultura.

Ningún dos tres niveis da Administración pública acada o aprobado polo seu apoio ás empresas culturais e a Administración autonómica, en quen recaen as competencias plenas en materia de política cultural é valorada cun 4,1.

Entre as empresas que prevén que a crise ofrezca oportunidades, destaca a dixitalización do sector, o aumento do espazo para a creatividade e a imaxinación e o impulso ás medidas de conciliación da vida laboral e familiar, o aumento do consumo ou demanda de produtos do seu sector, o incremento da profesionalización e a mellora no funcionamento interno das empresas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Reforzar e reformular o modelo de axudas á creación escénica, ampliando o orzamento e ensanchando as convocatorias plurianuais que inclúan a produción e a distribución para apoiar a estabilidade e sostibilidade dos proxectos das compañías das artes escénicas.

2. Reforzar a Rede Galega de Teatro e Auditorios ampliando a oferta a todo tipo de espectáculos e revisando a normativa dos espazos de representación para asegurar que cumpran as condicións.

3. Desenvolver unha liña de apoio aos concellos que estimule o desenvolvemento do modelo de compañías residentes que faga máis eficaces e vivos os espazos culturais multiplicando as posibilidades de goce da cidadanía.

4. Reforzar a liña de apoio económico á creación a través dunha convocatoria de residencias artísticas en espazos escénicos.

5. Reforzar e visibilizar o Centro Dramático Galego e o Centro Coreográfico Galego como compañía pública e unidade de produción focada na posta en valor das artes do movemento e das artes circenses galegas.”

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2021





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 10/11/2021 09:18:39

Daniel Castro García na data 10/11/2021 09:18:48

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 10/11/2021 09:18:59



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A situación da Atención Primaria é un dos eixos de debate na política sanitaria dos recentes anos, co obxectivo de facer fronte ás realidades difíciles que complican a posibilidade de fortalecer a súa capacidade resolutiva e a necesidade de responder ás demandas dunha poboación que vén transformando a súa demanda de asistencia sanitaria, froito do avellentamento e da cronificación de moitos procesos patolóxicos, que conlevan aumento da demanda. Tamén súmanse ao problema as dificultades nas políticas de recursos humanos derivadas das políticas de recortes da última década.

Na necesaria reformulación do modelo asistencial da Atención Primaria debe estar no eixo a ampliación das profesións que deben ser incluídas, nun modelo que debe aspirar a ser verdadeiramente multidisciplinar e non médico-centrista como é na actualidade. Así, liberaríase aos profesionais facultativos de medicina para dedicar os seus esforzos á propia práctica clínica e non a traballo administrativo ou propio doutras categorías sanitarias.

A podoloxía, como unha máis das profesionais sanitarias que contribúe á saúde da poboación, debe ser unha categoría a incluír na atención primaria á que se debe camiñar. Neste sentido, o Congreso dos Deputados aprobou en marzo de 2021 un acordo unánime na comisión de sanidade para avanzar nesta vía, que o goberno de España xa asumiu para que o Consello Interterritorial de Saúde poida definir un marco xeral para as comunidades autónomas e orientar a incorporación dos servizos de podoloxía ao Sistema Nacional de Saúde.

Diante disto hai algunha Comunidade Autónoma, como Cantabria, que xa está incorporando ao seu sistema sanitario público a profesionais de podoloxía, anticipándose aos acordos que deberan saír adiante porque foron apoiados pola unanimidade da Comisión de Sanidade do Congreso. Esta CA, como outras que iniciaron xa os procesos para facelo, consegue optimizar o seu funcionamento,



axeitando o profesional adecuado para cada problema asistencial e permitindo a cada categoría dedicarse ao servizo para o que están preparados.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Apoiar todas as propostas de acordo no Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde orientadas a incluír o servizo de podoloxía dentro dos sistemas públicos de saúde das comunidades autónomas.
2. Iniciar o proceso de incorporación de profesionais de podoloxía ao Sergas, cunha proposta inicial de convocatoria pública de 1 podólogo/a por distrito sanitario, e progresivo aumento nas seguintes convocatorias, que permita a asistencia podolóxica en atención primaria sumándose aos equipos multidisciplinares deste nivel asistencial.

Pazo do Parlamento, 10 de novembro do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 10/11/2021 10:20:22

Marina Ortega Otero na data 10/11/2021 10:20:28

Gonzalo Caballero Míguez na data 10/11/2021 10:20:37



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A atención primaria do sistema sanitario de Galicia está sendo obxecto de debate e discusión por parte de todos os axentes implicados no deseño e implementación das políticas sanitarias, incluídos por suposto os propios profesionais que traballan no sistema.

O Concello de Moraña é un exemplo da situación difícil que está vivindo a atención primaria, fundamentalmente por unha política de recortes e de decisións cortoplacistas fomentada polos gobernos de Núñez Feijoo durante os últimos 10 anos. Unha deficiente política de Recursos Humanos levou ao sistema público, e en particular á Atención Primaria, a atoparse ante un escenario de difícil cobertura, ante o que a reacción do goberno da Xunta de Galicia é moi limitada, non cubrindo prazas de profesionais e saltándose o cumprimento de baremos e estándares sobre cadros de persoal e cupos.

Neste concello o centro de saúde de Moraña vén pasando durante os últimos meses por moitos problemas de cobertura dos e das profesionais, que cando se atopan nalgún caso de vacacións ou baixas non son cubertos e, por tanto, perde calidade a capacidade asistencial sobre a poboación. O centro de saúde de Moraña contou durante tempo con 3 consultas de facultativo de atención primaria, ademais da existencia dunha atención pediátrica. Non en tanto, a xubilación dunha profesional non foi cuberta pola Consellería de Sanidade, e as consultas de primaria no centro de saúde pasaron a ser so dúas, e a realidade é que o hábito é non cubrir as baixas ou vacacións cando existen, polo que o resultado é que o centro de saúde que ten tres consultas asignadas cubre a asistencia, en moitas ocasións, cun so profesional. Isto supón que o volume de pacientes distribúese entre os facultativos que si están no centro, en varias ocasións un so, o que provoca un incremento dificilmente asumible. Este incremento provoca a saturación e as demoras na atención, e xera tamén retrasos na concesións das citas, dándose a circunstancia de que as esperas xa son un problema real que a cidadanía considera un problema.



A esta situación engádese a ausencia de cobertura da praza de atención pediátrica, que antes existía de maneira compartida con Cuntis, e que agora xa non existe no centro remitindo ás persoas ao centro de Caldas de Reis, que de por si ten numerosos problemas de mantemento e acondicionamento do centro de saúde, xa que o goberno da Xunta de Galicia négase a facer o novo centro de saúde que Caldas necesita.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dotar dos medios humanos necesarios ao centro de saúde de Moraña para recuperar a capacidade asistencial existente previa, e comprometerse á cobertura de baixas e vacacións para evitar a alteración permanente da atención sanitaria no concello.

Pazo do Parlamento, 10 de novembro do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 10/11/2021 10:23:53

Marina Ortega Otero na data 10/11/2021 10:24:02

Gonzalo Caballero Míguez na data 10/11/2021 10:24:12



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, **Leticia Gallego Sanromán, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A atención primaria do sistema sanitario de Galicia está sendo obxecto de debate e discusión por parte de tódolos axentes implicados no deseño e implementación das políticas públicas sanitarias, incluídos por suposto os propios profesionais que traballan no sistema.

Dende hai tempo existen numerosas reivindicacións e queixas sobre a saturación do sistema, dita saturación tivo un maior incremento debido a pandemia da COVID-19. Isto ven dunha ineficiente xestión en termos de recursos materiais e humanos froito das políticas de recortes executadas polo Partido Popular dende a Xunta de Galicia.

Unha clara mostra deses recortes a temos nos orzamentos da Xunta para 2022 onde o goberno de Feijoo reduce en 2 millóns de euros as partidas destinadas á Atención Primaria en comparación cos orzamentos de 2021.

A pesar do papel fundamental da sanidade pública para resistir a pandemia da COVID-19, soportar os diferentes gromos e promover a vacinación da cidadanía, os orzamentos do 2022 reducen os fondos dedicados á atención primaria.

Todo isto, nun contexto de listas de espera para os e as especialistas, problemas de saturación nos centros de saúde e cun sistema de saúde público que está na UCI.

As políticas de recortes dos últimos anos levaron, ademais, a que Galicia afronte a situación cun problema de persoal grave no sistema sanitario público. Esta é a terceira peor Comunidade Autónoma de España en ratio de médicos/as por habitante (aproximadamente 450 por cada 100.000 habitantes coa media española en torno a 480, segundo o informe do Consello Xeral de Colexios Médicos de España), e tamén a terceira Comunidade Autónoma con peor ratio de



enfermeiros/as por paciente con 5,4 por cada 1000 (a media europea está cerca do 8). Temos a peor ratio de profesionais por paciente tamén en áreas como saúde mental, e estamos por debaixo da media estatal en matronas por habitante. En pediatría, Galicia non chega ao 90 % de prazas de Atención Primaria cubertas por pediatras, mentres comunidades en situacións parecidas, como Asturias, supera o 98 % (como indican os recentes informes da Asociación Española de Pediatría).

Resulta necesario poñer á dispor dos centros de saúde os recursos humanos e técnicos/as necesarios/as para evitar a demora na atención presencial das citas médicas; e dotar aos centros do persoal e equipamento suficiente para atender as necesidades de cada municipio conforme a súa poboación e ante o aumento desta durante a época estival, incluída a substitución das baixas dos especialistas para non interromper a atención aos pacientes.

Neste contexto os socialistas denunciámos o traslado das urxencias de Moaña a Cangas e a implantación da atención médica telefónica. A veciñanza puido entender que, ante a gravidade dos efectos da pandemia, se puidese centralizar a atención de doentes con síntomas compatibles coa enfermidade provocada polo coronavirus en centros de saúde concretos. Ou mesmo que ante a aparición de síntomas sospeitosos de padecer a enfermidade se debesen realizar consultas telefónicas previas para valorar o protocolo a seguir.

O que xa non comprenden os veciños e veciñas de Moaña é que nestes momentos nos que imos cara a nova normalidade, nesta vila sigan sen urxencias médicas e sen recuperar os ratios de consultas presenciais anteriores á mesma, ademais de soportar atrasos moi importantes nas citas da atención primaria.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista reclamamos que coa maior urxencia se volvan a abrir as urxencias no municipio de Moaña xa que están causando un gran malestar entre a súa veciñanza.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Restituír, de maneira inmediata, as urxencias médicas na Casa do Mar de Moaña para garantir a correcta e plena asistencia sanitaria dos seus veciños e veciñas.



2. Reforzar ao persoal da atención primaria para reducir as importantes listas de espera existentes na vila de Moaña.

Pazo do Parlamento, 10 de novembro do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 10/11/2021 10:28:10

Julio Torrado Quintela na data 10/11/2021 10:28:18

Marina Ortega Otero na data 10/11/2021 10:28:26

Gonzalo Caballero Míguez na data 10/11/2021 10:28:36



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Raquel Arias Rodríguez, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Diego Calvo Pouso, Marisol Díaz Mouteira, Rubén Lorenzo Gómez, Begoña Freire Vázquez, Encarna Amigo Díaz, Elena Candia López, Cristina Sanz Arias, Sandra Vázquez Domínguez e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

A distancia entre Monforte de Lemos e Ourense pola N-120 é de apenas 46 km, que se poden tardar en percorrer ata unha hora, xa que entre Os Peares e a capitalidade da provincia hai unha liña continua que pode chegar a retrasar o traxecto entre 20 e 25 minutos. Unha situación que afecta tamén as comunicacións co sur de Galicia e o Norte de Portugal.

Esta situación provoca unha perda de competitividade importante e mesmo problemas demográficos xa que a interrelación económica e laboral entre as dúas zonas é moi importante.

As queixan chegan tamén dos condutores de ambulancias, xa que esta é a vía de comunicación entre a comarca de O Barco e a cidade, e inciden en que esta situación en moitos casos os obriga a facer manobras perigosas.

Unha comarca que precisa ademais facer este traxecto para realizar numerosas xestións administrativas.

Na etapa do Goberno de Mariano Rajoy en Madrid ordenouse a relación dun proxecto de trazado de implantación de carrís na N-120 que viñeran a solucionar os problemas que xeran as liñas continuas que impiden o adiantamento entre o Alto de Guítara e Ourense.

Como resposta as preguntas formulados polos deputados e senadores populares no Congreso, o 26 de marzo de 2020 o MITMA contestaba “el proyecto de trazado de



mejora de la seguridad vial en la N-120 implantación de carriles entre los PPKK 548+800 y 564+000” inició su redacción en NOV. de 2017”.

E o 24 de febreiro de 2021 insistía “en relación con el asunto interesado se señala que el proyecto () se encuentra en redacción y deberá ser sometido al trámite de información pública”.

Atendendo á información oficial , constatamos que este proxecto leva en redacción dende NOV de 2017, e dicir , 48 meses.

¿Como é posible que, que a redacción dun proxecto como este , duns carrís de adiantamento, ocupe este descomunal espazo de tempo?.

Ao mesmo tempo que a Autovía A-76 alternativa a N-120 tanto nas comunicación con Ourense como coa meseta está deliberadamente parada.

A única resposta é que estamos ante outro deliberado abandono por parte do goberno de Pedro Sánchez a Galicia e, salientablemente ao interior de Galicia.

Por este motivo, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que leve a cabo as obras nas infraestruturas comprometidas no sur da provincia de Lugo e o oriente da de Ourense, nomeadamente os carrís de adiantamento na N-120 e a activación da a-76”.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2021



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 10/11/2021 11:31:20

Raquel Arias Rodríguez na data 10/11/2021 11:31:44

Carmen María Pomar Tojo na data 10/11/2021 11:31:59

Ramón Carballo Páez na data 10/11/2021 11:32:15

José Manuel Balseiro Orol na data 10/11/2021 11:32:32

Diego Calvo Pouso na data 10/11/2021 11:32:46

María Sol Díaz Mouteira na data 10/11/2021 11:32:58

Rubén Lorenzo Gómez na data 10/11/2021 11:33:12

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Freire Vázquez, María Begoña na data 10/11/2021 11:33:24

María Encarnación Amigo Díaz na data 10/11/2021 11:33:40

María Elena Candia López na data 10/11/2021 11:33:56

Cristina Sanz Arias na data 10/11/2021 11:34:20

Sandra Vázquez Domínguez na data 10/11/2021 11:34:37

Daniel Vega Pérez na data 10/11/2021 11:35:08



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Julio Torrado Quintela, Noa Díaz Varela Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**

Exposición de motivos

A facultade de Farmacia da USC, e particularmente os e as estudantes, investigadores/as, docentes e todo o corpo farmacéutico que depende da formación en Galicia veñen sufrindo dende hai anos o estado calamitoso da actual sede da facultade no Campus Universitario sur de Santiago de Compostela.

Esta facultade, referente para todo o noroeste de España, está nunha situación de mantemento inaceptable para o desenvolvemento das actividades necesarias. Amplas humidades, enchufes de hai 50 anos, equipos tecnolóxicos que non poden ser instalados polo estado dos locais, accesos impedidos por defectos perigosos na construción, problemas graves de accesibilidade...son algúns dos problemas dun inmovble que non está en condicións de albergar unha facultade e, menos aínda, espazos de investigación que son necesarios para manter un nivel de funcionamento do nivel dos profesionais e investigadores farmacéuticos da USC.

Dende 2015 alumnado e investigadores teñen sido dispersados noutros edificios e facultades da USC, como a facultade de Bioloxía ou de Química, ou como en Psicoloxía, pero tamén en espazos de Dereito, ou Ciencias Políticas e Relacións Laborais.

Na actualidade, as aulas para o alumnado de primeiro curso e os laboratorios volven a estar operativos pero sen ter recibido as melloras necesarias para o seu uso.

A necesidade dunha nova facultade de Farmacia vense demorando na realidade efectiva por parte da Xunta de Galicia. Estando a Universidade aberta a colaborar con recursos propios, e o Concello de Santiago coas necesidades urbanísticas precisas, falta o compromiso real en prazos e orzamentos da Xunta de Galicia que, pese ás boas palabras, non ten amosado ningunha concreción sobre o avance e futurible da nova facultade de Farmacia.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a concretar unha proxección de prazos e un compromiso orzamentario con partidas determinadas para a axilización da construción da necesaria nova facultade de Farmacia da USC, que poida estar operativa de maneira clara durante o ano 2023 a máis tardar.

Pazo do Parlamento, 10 de novembro do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Noa Díaz Varela

Marina Ortega Otero

Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 10/11/2021 12:02:33

Noa Susana Díaz Varela na data 10/11/2021 12:02:41

Marina Ortega Otero na data 10/11/2021 12:02:53

Gonzalo Caballero Míguez na data 10/11/2021 12:03:02





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonso** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**, relativa á valoración do goberno galego sobre os motivos e opcións para impulsar unha nova reforma da lei do sector eólico baixo o amparo da tramitación express da lei de medidas fiscais e administrativas dos Orzamentos para o ano 2022.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza experimenta na actualidade o desenvolvemento dun boom eólico sen precedentes. Esta situación está a causar importantes problemas do punto de vista económico, ambiental e social. Nestes problemas hai un elemento común, que é unha lexislación sen as debidas garantías de seguridade para todas as partes e que o Partido Popular modifica de forma constante sen consenso e contribuíndo a unha fonda inseguridade xurídica.

Así as cousas, a Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galiza e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental foi, no momento de asinar esta iniciativa, modificada xa nove veces. A máis recente en febreiro de 2021, cando o Partido Popular impulsou a denominada lei de “reactivación”, a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica, que en realidade supuña unha enorme modificación do marco regulatorio eólico sen abordar cuestións tan necesarias como as maiores garantías





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ambientais a través dun novo Plan sectorial eólico, medidas para o retorno económico ou garantías para a participación social.

Co proxecto de Orzamentos para o ano 2022 o goberno galego remitiu á Cámara unha proposta de lei de medidas fiscais e administrativas na que se engade a décima modificación da lei do sector eólico. Neste texto, modifícase a Lei 8/2009 engadindo unha nova disposición adicional quinta aos efectos de regular na norma as distancias respecto dos núcleos de poboación das instalacións eólicas. Esta medida tómase, presuntamente, “para asegurar a compatibilidade do desenvolvemento eólico coa ordenación do territorio e o urbanismo”. Aínda que en realidade non supón un cambio suficiente, a súa adopción evidencia que a presión social fai que o goberno galego se vexa obrigado a simular algún tipo de resposta.

Por outra banda, as outras modificacións dan conta da situación de saturación da Xunta, por falta de persoal e planificación, ante este novo boom. Para iso, formulan unha pseudo moratoria que non dá solución tampouco á problemática vixente e mantén unha excepcionalidade ao abeiro do Consello da Xunta que atenta contra os principios de igualdade e transparencia.

Esta modificación, unha vez máis, é elaborada sen consulta previa cos sectores afectados e non atende ás demandas sociais, ambientais ou económicas nin ás de foros específicos da materia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Remitir ao Parlamento galego un informe sobre as opcións valoradas para a décima modificación do sector eólico así como do número de proxectos solicitados desde que foi pública ata a súa entrada en vigor.

2. Desenvolver e aprobar un novo marco regulatorio do sector eólico que incremente as garantías sociais, económicas e medioambientais elaborando un novo Plan Sectorial Eólico que conte cunha ampla participación dos axentes implicados (asociacións veciñais, agrarias, ecoloxistas, sindicais, centros de investigación, comunidades de montes, etc.) e un amplo proceso de exposición pública co fin de suscitar o maior consenso posíbel, adaptando as áreas de investigación eólica ás dimensións da tecnoloxía na actualidade e tendo en consideración as necesidades enerxéticas de Galiza e o papel doutras tecnoloxías.

3. Elaborar e remitir ao Parlamento galego un estudo sobre as inxerencias competenciais e normativas das regulacións e plans estatais do sector enerxético e os problemas derivados, co fin de impulsar as medidas oportunas para a defensa do autogoberno galego.”

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2021

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonso

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 10/11/2021 12:48:50

Ramón Fernández Alfonzo na data 10/11/2021 12:48:59

Xosé Luis Bará Torres na data 10/11/2021 12:49:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e deputados **Daniel Castro García** e **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre as medidas da Xunta para reparar a discriminación das persoas xordas no seu acceso a unha educación inclusiva.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A medida que vai avanzando o curso escolar 2021-2022 son cada vez máis as evidencias da que está a ser unha realidade discriminatoria nos espazos educativos para coas persoas xordas.

Día tras día multiplícase o coñecemento público de numerosas denuncias de familias que constatan a falta de recursos suficientes nos colexios e institutos que están a privar as súas crianzas da necesaria inclusión educativa. Unha falta de recursos imprescindíbeis que este curso se está a facer aínda máis notoria.

As familias e os colectivos de persoas xordas veñen denunciando reiteradamente como os centros educativos non ofrecen un recurso fundamental para garantir a aprendizaxe das crianzas xordas como é a figura do intérprete de lingua de signos a tempo completo ao longo de toda a xornada educativa.

A limitación do horario de apoio por parte dun intérprete no acompañamento educativo, xunto á escasa presenza de profesionais especialistas de Atención e Linguaxe





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

con coñecemento de lingua de signos, está a provocar a exclusión do alumnado xordo do seu dereito fundamental á educación.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a dotar de urxencia os centros educativos dos profesionais de interpretación de lingua de signos necesarios para cubrir o horario lectivo completo do alumnado xordo.

Asemade, insta o goberno a asegurar o dereito á educación inclusiva para o alumnado xordo con carácter permanente desde o comezo de cada curso.”

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 10/11/2021 13:35:37

Daniel Castro García na data 10/11/2021 13:35:46

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 10/11/2021 13:35:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Carme González Iglesias**, e dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**, relativa á valoración e actualización das Directrices enerxéticas de Galiza 2018-2020.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello da Xunta de Galiza do 8 de marzo de 2018 aprobou as denominadas Directrices enerxéticas de Galiza 2018-2020 sen facelas públicas. Máis dun mes despois, o 24 de abril dese mesmo ano e sen remitir copia previamente ao Parlamento Galego, as súas liñas xerais foron expostas polo Conselleiro Conde nun Pleno sen acordar ningunha cuestión concreta cos grupos parlamentarios.

Resumidamente, nesas Directrices estableceíanse obxectivos modestos aos que xa obrigaba a chegar o marco das Directivas Europeas e para os que Galiza xa tiña unha boa posición polo seu potencial renovábel (xa estaba, por exemplo, no 38% de final renovábel). Porén, non achegaba ningunha planificación estratéxica e ningunha aposta de reinvestimento público que compensase a parálise dos anos anteriores. Un claro exemplo era a situación das térmicas coa perspectiva da descarbonización, ausente na exposición e na planificación. Outro, a ausencia de medidas para un cambio de paradigma no que o autoconsumo e as comunidades enerxéticas tivesen un papel no camiño a un modelo enerxético máis descentralizado, xusto e sostíbel.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Posteriormente a esta aprobación, que obedeceu máis a unha cuestión estética que programática, acelerouse o contexto de cambios e transformacións enerxéticas e aprobáronse normativas e plans europeos ou estatais, como o PNIEC, diante dos que o noso país non tivo un papel suficientemente proactivo. Así mesmo, o Partido Popular rexeitou constantemente propostas como Mesas para a transición enerxética e a descarbonización ou o deseño dunha folla de ruta actualizada.

Así as cousas, rematado o período da Estratexia e sen coñecerse ningunha avaliación, constatamos na memoria do Proxecto de Orzamentos da Xunta para o ano 2022 que presuntamente a administración galega traballa súa “continuidade coa Axenda Galega de transición enerxética 2021-2030, actualmente en fase de elaboración”.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a constituír unha Mesa de traballo pola enerxía na que participen axentes sociais, forzas políticas, asociacións do sector enerxético, universidades e centros de investigación así como o propio CES, a través da que impulsar, entre outras, as seguintes medidas:

1. Unha batería de medidas para dar unha valoración e resposta diante das consecuencias para Galiza da crise derivada do aumento dos custos enerxéticos e da falta de abastecemento de recursos necesarios para as cadeas enerxéticas e industriais.

2. Elaborar unha Estratexia para o novo modelo enerxético galego 2022-2030 na que se incorporen as seguintes cuestións:

- Planificación orzamentaria plurianual





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- indicadores de seguimento e cumprimento, aliñados cos obxectivos internacionais

- modelización dun mapa das necesidades enerxéticas galegas focalizado no desenvolvemento das renovábeis así como as medidas oportunas para garantir mecanismos de respaldo para o subministro eléctrico en Galiza, valorando as posibilidades de todas as instalacións de xeración eléctrica que estean en condicións de funcionamento.

- medidas para a democratización da enerxía, a xeración descentralizada e o autoabastecemento

- medidas para garantir o retorno económico da produción, a prevalencia das cautelas medioambientais e a participación social.

- medidas de impulso á innovación e ao almacenamento enerxético.”

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Carme González Iglesias

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 10/11/2021 13:56:41

María do Carme González Iglesias na data 10/11/2021 13:56:51

Ramón Fernández Alfonzo na data 10/11/2021 13:56:57

Daniel Pérez López na data 10/11/2021 13:57:05

Ana Pontón Mondelo na data 10/11/2021 13:57:13



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu portavoz e a iniciativa dos deputados e deputadas **Daniel Vega Pérez, Jose Manuel Balseiro Orol, Elena Candia López, Jose Manuel Rey Varela, Marisol Díaz Mouteira, María Felisa Rodríguez Carrera, Ana Belén García Vidal, Alberto Pazos Couñago e Paula Prado del Río** abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

Trala solicitude realizada ao Goberno central por parte do Principado de Asturias para o recoñecemento oficial do topónimo “Ría del Eo” a Xunta de Galicia ten enviado ao Goberno central a valoración e o informe solicitado polo Consello Superior Xeográfico, dependente do Instituto Xeográfico Nacional (Ministerio de Fomento), organismo encargado de decidir sobre os topónimos que afectan a máis dunha comunidade autónoma e que xa en 2008 ditaminase que o nome oficial desta ría era Ría de Ribadeo.

A Xunta de Galicia foi a primeira en reaccionar ante a solicitude realizada polo Principado de Asturias e de xeito proactivo traballou a través da Comisión de Toponimia de Galicia, órgano de estudo, asesoramento e consulta da Xunta de Galicia para a determinación das formas oficiais da toponimia galega, no ditame que insiste nos mesmos argumentos do redactado en 2006, pero agora é máis completo, se cabe, porque conta coas achegas documentais e filolóxicas que se reflicten nos estudos feitos polo Seminario de Onomástica da Real Academia Galega (RAG), o Consello da Cultura Galega (CCG) e o Grupo de Investigación “Análise territorial” da Universidade de Santiago de Compostela (USC).

Algúns dos criterios que reafirman o topónimo Ría de Ribadeo son os seguintes:

A denominación Ría de Ribadeo é a máis antiga para a ría, ademais de ser a xeral na cartografía de todos os tempos (s. XVI a XX) e a exclusiva ata o século pasado (XX).

As rías son mar que entra terra dentro, por iso non reciben o nome dos ríos que achegan auga, senón daquela vila que antes ou mellor consolidou porto de mar. Por iso dicimos ría de Vigo (e non do río Verdugo), de Arousa (e non do río Ulla), de Noia-Muros (e non do río Tambre)... Se as rías levasen o nome dos ríos que nelas desembocan, na ría de Ribadeo fano catro: o Eo, o Suarón, o Monxardín e o Grande.



Finalmente, hai que destacar dous preceptos da Comisión de Expertos en Nomes Xeográficos da ONU (UNGEGN), da que forman parte, en representación de España, membros do Instituto Xeográfico Nacional:

- a) Por normalización internacional dos nomes xeográficos enténdese a actividade encamiñada a lograr unha forma escrita única de cada nome xeográfico da Terra.
- b) A Primeira Conferencia das Nacións Unidas sobre a Normalización dos Nomes Xeográficos, na Resolución I/4, de 1967 recomendou “que se evite o cambio innecesario de nomes”.

Deste xeito a Comisión de toponimia reiterouse nas conclusións do seu propio ditame do ano 2006, acordando:

- Que a denominación Ría de Ribadeo sexa a única oficial no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Que o Goberno da Xunta de Galicia inste, en todos os estamentos estatais e internacionais competentes, o mantemento exclusivo deste topónimo nos documentos e cartografía onde xa figura actualmente ou a substitución do topónimo Ría del Eo/ Ría do Eo polo de Ría de Ribadeo naqueles que optaron por esta denominación.

Maila isto, o pasado 29 de outubro o Instituto Xeográfico Nacional ditou resolución asinada pola súa Dirección xeral na que se resolve: “1. Manter a denominación de «Ría de Ribadeo» como identificador xeográfico da ría na que desemboca o río Eo. 2. Outorgar ao topónimo «Ría do Eo» o carácter de nome alternativo, é dicir, co mesmo nivel de oficialidade e uso que «Ría de Ribadeo».”, resolución que viola a doutrina da ONU do 'topónimo único' comentada anteriormente, que é de obrigado cumprimento para España e sobre a que non poden alegar descoñecemento da lexislación internacional vinculante que obriga a que en todo o mundo para cada lugar ou accidente xeográfico haxa un único topónimo.

Polo exposto O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a seguir liderando o proceso de defensa da designación patrimonial do topónimo "Ría de Ribadeo" e presentar recurso



contra a Resolución do 29 de outubro de 2021 do Instituto Xeográfico Nacional pola que se establecen as denominacións oficiais da ría na que desemboca o río Eo, o que contradí o principio da ONU do 'topónimo único', que é de obrigado cumprimento para España"

Santiago de Compostela, 10 de novembro 2021.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 10/11/2021 16:53:07

Daniel Vega Pérez na data 10/11/2021 16:53:28

José Manuel Balseiro Orol na data 10/11/2021 16:53:54

María Sol Díaz Mouteira na data 10/11/2021 16:54:14

José Manuel Rey Varela na data 10/11/2021 16:54:37

María Elena Candia López na data 10/11/2021 16:55:19

María Felisa Rodríguez Carrera na data 10/11/2021 16:55:56

Ana Belén García Vidal na data 10/11/2021 16:56:05

José Alberto Pazos Couñago na data 10/11/2021 16:56:17

Paula Prado del Río na data 10/11/2021 16:56:28



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **María Felisa Rodríguez Carrera, Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, José Luis Ferro Iglesias, Moisés Rodríguez Pérez, Carlos Gómez Salgado e Elena Suárez Sarmiento** abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en comisión 4ª Educación e Cultura.**

Exposición de Motivos:

O Grupo Parlamentario Popular sigue a creer nas moitas posibilidades que ofrece a Formación Profesional na nosa comunidade e somos conscientes do esforzo realizado pola Xunta de Galicia nos últimos anos para incrementar os ciclos e o número de alumnos que seguen este tipo de oferta educativa.

Esta decidida aposta pola Formación Profesional fai que os galegos e as galegas de hoxe vexan esta oferta formativa como unha garantía de emprego cunha formación que se adapta ás características do tecido productivo e que garante a realización de prácticas profesionais que achegan ao alumnado á realidade das empresas.

A implantación da LOMLOE xerou un problema para os profesores técnicos da Formación Profesional que agora teñen que reconducir no proxecto de Ley de Formación Profesional, pero aínda así fai falla que os coñecementos especializados sexan impartidos por profesionais en activo e con experiencia laboral.

